

16. O Reformismo Borbónico en Galicia (a matrícula do mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).

Denomínase **Reformismo Borbónico** aos cambios implementados pola nova dinastía reinante a partir de 1700 baseados no establecemento dunha **monarquía absoluta**, a centralización administrativa e, na segunda metade do s.XVIII, co **Despotismo ilustrado**. **Fernando VI e Carlos III (2º ½ do S XVIII) destacarán na aplicación do ideario ilustrado** (empregar a razón para todas as cousas, salvo para a política, onde se segue a xustificación divina do poder e a desigualdade natural dos homes). Estes dous reis procurarán elevar o nivel cultural e científico-técnico do país coa intención de obter melloras no eido económico.

Os Borbón tratarán de:

- Impor o control legal e administrativo de todos os territorios, o que inclúe o afastado reino de Galicia que era parte da coroa de Castela. Crearán a **Intendencia Xeral de Galicia**, e a nivel local asignáronse **corrixidores**, enviados reais para o control de certas áreas.
- Mellorar a xestión económica: Relacionados no caso de Galicia coa pesca, o téxtil (liño) e a construción e comercio naval, principalmente con América.
- Mellorar a defensa: O control do Atlántico depende da construción de grandes e novos barcos de guerra, e da súa posición estratéxica en Galicia. Nacerán os **asteleiros de Ferrol e a matrícula do mar**.

A posición estratéxica de Galicia na defensa do Imperio colonial fixo que os Borbóns tratan de reforzala como baluarte, principalmente contra os ingleses, a través dunha serie de reformas. Destaca a Ordenanza da **matricula do mar** do Marqués de la Ensenada na que se trataba de incrementar o recrutamento de mariñeiros levando un rexistro da xente do mar segundo as funcións que dominaban e o seu nivel de experiencia. Os mariñeiros serían obrigados a servir en barcos reais por un tempo, en principio recibían un soldo, pero moitas veces retrasábase ou non era aboado, polo **que ser alistado xerou moitas protestas e incluso desertións** (os mariñeiros eran obrigados a abandonar ás súas familias á súa sorte por anos). O seu impacto foi bastante limitado e foi eliminada en 1802.

Creouse tamén a figura do **Intendente de Galicia** na Coruña como organizador das reformas, pero sen dúbida destaca a creación do **arsenal de Ferrol (1749, Fernando VI)** e dos estaleiros (**Reales Asteleiros de Esteiro**) por parte do **Marqués de la Ensenada** convertindo a Ferrol na principal cidade fortificada no Noroeste peninsular tendo un papel clave na defensa das rutas coloniais. Creouse a Academia de Garda Mariñas e O Ferrol creceu demográficamente de xeito exponencial mediante un trazado hipodámico (rúas crúzanse en ángulo recto, propio do neoclásico e da ilustración).

A cidade da Coruña veuse tamén beneficiada pola apertura durante o reinado de Carlos III do Servizo de Correos marítimos e, sobre todo, pola **autorización do comercio colonial (1765 e logo ampliado en 1768 e 78)** con América dentro do proxecto de finalización do monopolio da Casa de contratación de Sevilla e tamén da concesión do **Real Consulado do Mar** (sirve para resolver conflitos comerciais en 1785). Isto xerou fluxos comerciais entre Galicia e América, **activando a industria textil, principalmente do liño**. Tamén podemos destacar a curtidoira (peles e coiros) en Santiago e Allariz.

Durante o século XVIII Galicia viu un crecemento económico e demográfico moi importante pola extensión de elementos iniciados no XVII, a chegada do **milllo e da pataca**, e a dos **armadores cataláns** que tecnificaron e industrializaron a **pesca e a conserva**. Todo iso xerou un crecemento económico e demográfico sen parangón, convertindo a Galicia en unha das

zonas máis poboadas da península Ibérica. A dinámica derivou en migración e en división da propiedade da terra, o coñecido coma minifundio.

Nesta época houbo **conflictos pola propiedade e polo control das crecentes rentas agrarias**. A clase dominante en Galicia, **os fidalgos, en realidade non posúen a terra, senón que son administradores dos contratos de foros** (medievais) polos que se cobran. Os verdadeiros posuidores, nobres de fora de Galicia e mosteiros principalmente, tratarán de recuperar a administración directa nos tribunais, algo que a **Provisión de 1763** (un edicto real) evitará. A situación dende ese momento estabilízase: Os campesiños manteñen conxelados os seus contratos (favorable para eles), os fidalgos cobran as rendas (moi favorable para eles) e pasan parte delas ós propietarios formais dos terreos (nobres e mosteiros, os perxudicados).

Neste novo papel de baluarte do Imperio colonial, Galicia viuse asolada polos **ataques ingleses** durante esta época destacando a **Batalla de Rande (1702)** durante a Guerra de Sucesión, a invasión inglesa de Vigo e Pontevedra en 1719 ou o ataque a Ferrol de 1800.

Pola súa banda, no eido cultural, **o centralismo borbónico perxudicou o emprego do galego, xa que a administración central obrigaba a traballar en castelán**. Galicia quedará marcada coma unha comunidade inculta e illada, coas excepcións dos **ilustrados Benito Feijoo e Martín Sarmiento** quen defenderon a recuperación do galego e a extensión da instrución ás masas populares.

No eido do arte, **pásase do estilo barroco no que se rematou a fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago ó neoclásico no que se fai na mesma praza o pazo de Raxoi ou os edificios militares de Ferrol (Sala de Armas)**.

Resumo:

- Política: Absolutismo e o despotismo ilustrado.
- Administración: A chegada dos intendentos e os correxidores.
- Defensa: Ataques (Rande, Vigo, Pontevedra). Posición estratéxica de Galicia, asteleiro militar en Ferrol.
- Comercio con América: Liberdade de comercio parcial de Coruña primeiro e logo de Galicia enteira. Coruña, Ferrol e Vigo desenvólvense coma grandes portos. Xorde a industria de exportación.
- Industria: Téxtil, coiro, e construción de barcos. Destaca tamén a pesca pola salgadura. Todo grazas á chegada de industriais cataláns que melloran as artes de pesca e conserva e a venda a América.
- Agricultura: Extensión da pataca e do millo. Grande crecemento demográfico polo alto rendemento por hectárea. As parcelas vólvense moi pequenas (minifundio) e hai loitas pola posesión das rendas e das terras que rematan coa Provisión de 1763.
- Sociedade: Os fidalgos son a clase dominante, intermediarios entre campesiños e grandes nobres; o medio de control da produción son os contratos de foro.
- Arte e cultura: Perda do galego. Aportación dos ilustrados Sarmiento e Feijoo. Barroco compostelano e Neoclásico.